

Martes, 21 de marzo de 2023

Núm. 56

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
**Persoal, oposicións**

*MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DUNHA PRAZA  
ESTRUTURAL VACANTE DA MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE VIGO COA  
DENOMINACIÓN "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL"*

*ANUNCIO DA MODIFICACIÓN DAS BASES*

No BOP nº 128 do 30 de novembro de 2022 foron publicadas as bases específicas do proceso selectivo de estabilización de emprego da praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local da Mancomunidade de Vigo.

Presentado recurso de reposición contra as devanditas bases polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia solicitando incorporar a titulación en Psicoloxía na lista de titulacións requiridas e sendo estimado o mesmo mediante Resolución da Concelleira Delegada de data 17.02.2023, procede modificar a redacción da Base Segunda a) das bases que quedará redactada como segue:

*"SEGUNDA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.*

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, dalgunha titulación universitaria de grado ou ben licenciatura, enxeñería superior ou arquitectura.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro estarase en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación."

Así mesmo, manteranse na súa integridade o resto do contido das Bases específicas publicadas no BOP nº 128 do 30 de novembro de 2022 e conservaranse todos os trámites que xa fosen realizados conforme ás publicacións realizadas.

Fronte á presente resolución poderán interpoñer as persoas interesadas recurso potestativo de reposición fronte a esta Administración no prazo dun mes a partir da súa notificación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo a formular ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados do mesmo xeito.

Asinado dixitalmente,

A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 12/08/2019).

Patricia Rodríguez Calviño.

